



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

1973-1998 25 anos estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Apartado 330
15780 Santiago de Compostela
Teléfono: (981) 58 44 26

Excmo. Sr. Conselleiro
Consellería de Industria e Comercio
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela

Don Agustín Alcalde Lorenzo, con DNI 35444374, como Secretario Xeral da Sociedade Galega de Historia Natural, con domicilio social na rúa Oliveira n° 3, Santiago de Compostela, en relación:

- ó estudio para o censo e clausura das minas abandonadas en Galicia, a redacción do cal sacou recentemente a concurso a Consellería de Industria e Comercio, e
- á Resolución da mesma Consellería do 8-07-98 (D.O.G. do 15-07-98) polo que se anuncia concurso público dun contrato de obra para realiza-lo selado e clausura de determinadas explotacións mineiras abandonadas en Galicia,

EXPÓN: Que, por mor da práctica inexistencia de cavidades naturais en Galicia, as galerías e cortas mineiras abandonadas constitúen un hábitat sustitutorio de extraordinaria importancia para os morcegos (tamén para algúns anfibios e aves). Cada campo mineiro abandonado supón unha auténtica rede de refuxios que é necesario conservar na súa totalidade pois en función das súas distintas características (lonxitude, amplitude, humidade, temperatura, accesibilidade,...) son axeitados para unhas ou outras especies de morcegos, ou para a mesma especie en distintas épocas do ano.

Que alomenos 12 das 18 especies de morcegos atopadas en Galicia ocupan as minas abandonadas en diversos períodos do ano, especialmente no inverno, así:

- *Rhinolophus hipposideros*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. Ó redor do 80% dos refuxios de hibernación coñecidos en Galicia atópanse en explotacións mineiras abandonadas.
- *Rhinolophus ferrumequinum*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. O maior refuxio de hibernación coñecido en Galicia, e casi o 90% dos restantes, atópanse en explotacións mineiras abandonadas.
- *Rhinolophus euryale*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. O 80% dos seus refuxios coñecidos en Galicia atópanse en explotacións mineiras abandonadas.
- *Myotis daubentoni*, especie ameazada en España. A metade dos seus refuxios coñecidos en Galicia atópanse en explotacións mineiras abandonadas.
- *Myotis nattereri*, especie ameazada en España. Máis do 80% dos seus refuxios coñecidos en Galicia atópanse en explotacións mineiras abandonadas.
- *Myotis bechsteini*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. O único refuxio coñecido en Galicia é unha galería soterránea.
- *Myotis myotis*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. Os seus refuxios de cópula coñecidos en Galicia atópanse en explotacións mineiras abandonadas.
- *Myotis blythi*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. O único refuxio coñecido da especie en Galicia é unha explotación mineira abandonada.
- *Plecotus auritus*, especie ameazada en España. Ocupa regularmente explotacións mineiras abandonadas.
- *Plecotus austriacus*, especie ameazada en España. A metade dos seus refuxios coñecidos en Galicia atópanse en explotacións mineiras abandonadas.



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

1973-1998 25 anos estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Apartado 330
15780 Santiago de Compostela
Teléfono: (981) 58 44 26

- *Barbastella barbastellus*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. Ocupa ocasionalmente explotacións mineiras abandonadas.
- *Miniopterus schreibersi*, especie ameazada en España, INCLUIDA NA DIRECTIVA HÁBITATS. Ocupa ocasionalmente explotacións mineiras abandonadas.

Que os Quirópteros (morcegos) constitúen un grupo de mamíferos de sobranceira importancia ecolóxica e moi beneficiosos para o home pola súa dieta insectívora. A meirande parte das especies de morcegos europeos atópanse nunha delicada situación poboacional, nalgúns casos con dramáticas regresións espaciais e numerosas nos últimos anos por mor da perda dos seus hábitats e os seus refuxios, ademáis de polo envelenamento por insecticidas e outros produtos químicos.

Que tódalas especies de Quirópteros presentes en España inclúense no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (Real Decreto 439/1990, de 30 de Marzo) na categoría de especies de interese especial. Ademáis, case a metade delas figuran no Anexo II da Directiva de Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de Maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres), norma transposta ó ordenamento xurídico español polo Real Decreto 1997/1995, de 7 de Decembro.

Que o selado e clausura das minas abandonadas en Galicia suporía a perda dun hábitat irremplazable para os quirópteros, e en especial para as especies nomeadas.

Que a medida máis axeitada neste caso, para garantir tanto a seguridade das persoas e os seus bens como a conservación da fauna galega, sería o valado do perímetro das bocas, zanzas e chemineas de ventilación que sexan perigosas empregando postes e dúas ou tres feiras de aramio, de xeito que sempre permitise a fácil entrada e saída da fauna que se refuxia nelas. E que fosen ben visibles para a xente e un obstáculo insalvable para o gando.

Por todo o anterior,

SOLICITA: Que tódolos proxectos de selado e clausura de explotacións mineiras abandonadas en Galicia sexan substituídos por proxectos individualizados, e nunca en serie, de valado das explotacións perigosas.

En Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 1998